

Enquisa estrutural a empresas

NOTA DE PRENSA

O 63,3% das empresas recorreron no ano 2007 ao financiamento externo

No 37,7% das empresas investigadas úsase o galego, sempre ou case sempre, nas comunicacións orais co exterior

O 17,6% das empresas contrataron un provedor externo para realizar total ou parcialmente algunha actividade da empresa

A operación estatística "Enquisa estrutural a empresas", elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE), ten como obxectivo coñecer as principais características das empresas galegas. **Investigáronse as empresas con personalidade xurídica mercantil e asimilados que tiñan sede social en Galicia no ano 2007.** Quedan polo tanto **excluídas** as empresas sen personalidade xurídica (persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís e UTEs); as comunidades de propietarios e asociacións; as corporacións locais, órganos da administración do Estado e comunidades autónomas; e as congregacións e institucións relixiosas.

No tocante á cobertura sectorial, quedan **fóra do ámbito de investigación** as empresas con actividade principal pertencente ás seccións da CNAE A (Agricultura, gandería, caza e silvicultura), B (Pesca), L (Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria), P (Actividades dos fogares) e Q (Organismos extraterritoriais).

Estrutura empresarial

Número de empresas por estrato de asalariados. Galicia. Ano 2007

	Menos de 6	6-24	25-99	100 ou máis	Total
Industria	5.259	2.475	1.004	166	8.904
Construción	8.338	2.649	502	56	11.545
Servizos	38.097	6.444	1.234	179	45.954
Total	51.694	11.568	2.740	401	66.403

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

En 2007 existían en Galicia 66.403 empresas obxecto de investigación desta enquisa, das cales 51.394, é dicir un 78%, contaba con menos de 6 asalariados. O 17,4% das empresas tiñan entre 6 e 24 asalariados, o 4,1% entre 25 e 99 e só un 0,6% contaba con máis de 100 asalariados.

Por sectores de actividade, os servizos aglutinan o 69,2% do total de empresas. Dentro deste sector as empresas de menor tamaño, aquelas con menos de 6 asalariados, agrupan o 82,9% do total de empresas. O sector da construción representa o 14,4% das empresas galegas e a industria, con preto de 9.000 empresas, o 13,4% restante.

Emprego

As empresas galegas investigadas nesta enquisa ocupan a 523.504 traballadores, dos cales o 90,6% son asalariados.

Ocupados segundo a relación coa empresa. Galicia. Ano 2007

Número e porcentaxes

	Ocupados		Porcentaxe de mulleres sobre o total de:	
	Total	Asalariados	Ocupados	Asalariados
Industria	155.247	140.361	30,9	29,4
Construción	82.426	78.201	8,0	7,5
Servizos	285.831	255.515	43,7	45,0
Total	523.504	474.077	34,3	34,2

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

Por sexo, o 34,3% dos traballadores destas empresas son mulleres. Esta porcentaxe é significativamente menor no sector da construción, onde as mulleres representan o 8% dos traballadores. Na industria supoñen o 30,9% dos ocupados e nos servizos o 43,7%.

En 2007 estas empresas tiñan contratadas a 7.748 persoas a través de empresas de traballo temporal (ETTs): 4.780 na industria, 2.481 nos servizos e as 488 restantes na construción.

O 2,5% dos ocupados das empresas investigadas nesta enquisa teñen a súa residencia habitual noutra comunidade autónoma e o 0,6% en Portugal. Por sectores de actividade, os servizos son os que ocupan unha maior porcentaxe de traballadores con residencia fóra de Galicia (3,9%) seguido da construción (2,8%) e da industria (1,9%).



Ocupados con residencia habitual fóra de Galicia. Ano 2007

Porcentaxes

	No resto de España	En Portugal	Total
Industria	1,6	0,3	1,9
Construción	1,8	1,1	2,8
Servizos	3,2	0,7	3,9
Total	2,5	0,6	3,1

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

O 1,3 dos traballadores destas empresas (un total de 6.612) realizaban en 2007 funcións relacionadas coas tecnoloxías da información e comunicación (TICs). O 76,1% destes traballadores estaban ocupados no sector servizos.

O número de ocupados con tarefas de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica situouse en preto de 4.000 traballadores neste ano.

Ocupados con funcións TIC e I+D+i. Galicia. Ano 2007

Número e porcentaxes

	Ocupados con funcións TIC		Ocupados con funcións I+D+i	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Industria	1.118	0,7	1.261	0,8
Construción	462	0,6	193	0,2
Servizos	5.032	1,8	2.505	0,9
Total	6.612	1,3	3.959	0,8

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

Mercados, clientes e provedores

O 88% das vendas que realizaron as empresas investigadas nesta operación estatística durante o ano 2007, tiveron como destino a propia comunidade autónoma, o 9,9% o resto de España e o 2,1% restante outro país.



Destino xeográfico das vendas. Galicia. Ano 2007

Porcentaxes

	Galicia	Resto de España	Resto do mundo
Industria	82,8	13,1	4,1
Construción	94,9	4,8	0,3
Servizos	87,3	10,6	2,2
Total	88,0	9,9	2,1

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

No tocante á orixe xeográfica das compras netas, o 75,7% procede de Galicia, o 20,6% do resto de España e o 3,7% do resto do mundo.

Orixe xeográfico das compras. Galicia. Ano 2007

Porcentaxes

	Galicia	Resto de España	Resto do mundo
Industria	71,3	23,3	5,4
Construción	88,1	11,3	0,6
Servizos	73,4	22,4	4,1
Total	75,7	20,6	3,7

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

Externalización e relacións de cooperación

No ano 2007 o 17,6% destas empresas con sede fiscal en Galicia contrataron un provedor externo para realizar (total ou parcialmente) algunha actividade da empresa. Por sectores de actividade, na construción esta porcentaxe é significativamente maior (35,3%)

Externalización ou subcontratación. Galicia. Ano 2007

Porcentaxes

	Industria	Construción	Servizos	Total
Porcentaxe de empresas que externalizaron ou subcontrataron parte de:				
Actividade propia	16,7	31,9	10,8	15,3
Vendas	3,4	1,1	2,7	2,5
Outras actividades	7,7	10,9	5,8	6,9
I+D+i	2,0	0,1	0,6	0,7
TIC	4,7	2,7	3,7	3,7
Total	19,1	35,3	12,8	17,6

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas


Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

Financiamento

O 63,3% das empresas recorreron no ano 2007 ao financiamento externo.

Porcentaxe de empresas segundo recorran ou non a financiamento externo. Galicia. Ano 2007



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

Entre as principais fontes de financiamento destacan os descontos comerciais (o 67,2% das empresas que recorreron a financiamento utilizaron esta fonte), os préstamos hipotecarios ou persoais (52,4%), os créditos dos provedores (17,2%) e o financiamento público (16,4%).


Coñecemento e uso do galego

No 37,7% das empresas investigadas úsase o galego nas comunicacións orais co exterior “sempre ou case sempre”; no 38,4% úsano “ás veces” e o 23,9% restante “nunca ou case nunca”.

Ao comparar o uso do galego nas comunicacións orais co exterior coas escritas, obsérvase como para este último tipo de comunicacións, a porcentaxe de empresas que usan o galego “sempre ou case sempre” baixa ata o 14,7%, e a de empresas que o utilizan “ás veces” ata o 23,7%. Porén a porcentaxe que o usa “nunca ou case nunca” sobe ata o 61,6%.

Uso do galego nas comunicacións orais e escritas co exterior. Galicia. Ano 2007

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

Tecnoloxías da información e comunicación

O 66,6% das empresas investigadas nesta enquisa dispoñían en 2007 de conexión á Internet, o 20% de Intranet e o 19,2% dispoñía dunha rede de área local (LAN).

Equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación. Galicia. Ano 2007

Porcentaxes

	Industria	Construción	Servizos	Total
Internet	70,6	55,0	68,7	66,6
Intranet	21,7	12,9	21,5	20,0
Rede LAN	18,2	12,2	21,1	19,2
Informática de pedidos	19,1	5,7	16,9	15,2
Informática de xestión	25,6	14,4	23,8	22,4
Factura dixital	7,7	3,7	5,7	5,6
Software libre	19,6	16,7	21,8	20,6
Firma dixital	18,7	13,1	17,1	16,6
Teletraballo	1,5	0,6	2,8	2,3

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

O 29,1% das empresas investigadas tiveron en 2007 gasto en tecnoloxías de información e comunicación, cun gasto medio de 16.519 euros por empresa. Por sectores de actividade, o sector servizos é o que presentou unha maior porcentaxe de empresas con gasto en TICs, cun 30,7%. Ademais, neste sector o gasto medio en TIC é maior (19.684 euros). Na industria, o 25,8% das empresas tiveron gasto en TICs e o gasto medio por empresa foi de 14.384 euros. No outro extremo atópase a construción cunha porcentaxe de 24,9% e un gasto medio de 2.684 euros.

Gasto das empresas en TIC. Galicia. Ano 2007

Porcentaxes e euros

	Industria	Construción	Servizos	Total
Porcentaxe de empresas con gasto TIC	25,8	24,9	30,7	29,1
Gasto medio (euros)	14.364	2.684	19.684	16.519
Distribución do gasto en TIC (%):				
Equipos	43,1	65,5	64,5	62,3
Software	50,4	33,2	33,6	35,3
Datacenter	6,5	1,2	1,9	2,4

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a empresas

Nota: o sector servizos só inclúe as seccións G, H, I, J, K, M e O da CNAE-93.

Quedan excluídas as empresas sen personalidade xurídica, as comunidades de propietarios e asociacións, as corporacións locais, órganos de administración do Estado e comunidades autónomas e as congregacións e institucións relixiosas

O 62,3% do gasto das empresas en TIC destinouse a investimentos en equipos de telecomunicación (hardware, centraliñas, electrónica de redes, etc.), o 35,3% a investimentos en

software (sistemas de información, licenzas, servizos, etc.) e o 2,4% restante a servizos Datacenter exteriores.

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EnquisaEstruturalEmpresas_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>?

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>